



INFORME DA SECRETARIA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A FORMA DE DESIGNACIÓN E O RÉXIME XURÍDICO DOS COMITÉS TÉCNICOS ASESORES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

Visto o “Proxecto de decreto polo que se regula a forma de designación e o réxime xurídico dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria” en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

1. COBERTURA LEGAL E CONSTITUCIONAL

O título competencial da materia examinada nace do artigo 148.1.7 da Constitución Española que establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de agricultura e gandería, de conformidade coa ordenación xeral económica, e tamén dos artigos artigo 27.1.10 e artigo 30.1.1 e 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia crea no seu artigo 14 a figura dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria, como órgano de carácter provincial, que presidido polo titular da delegación territorial da Administración xeral da Comunidade Autónoma estará formado, con carácter de membros natos, por un representante de cada un dos departamentos competentes en materia de desenvolvemento rural, xestión do Banco de Terras, produción agropecuaria, montes, conservación da natureza, xestión de augas, urbanismo, patrimonio cultural, organizacións profesionais agrarias e administración local.





Tamén contempla a posibilidade de que se cite ás reunións do comité técnico asesor a unha persoa representante doutros departamentos, como os competentes en materia de estradas, calidade agroalimentaria, infraestruturas enerxéticas, catastro, deputacións provinciais ou outros órganos ou entidades que puideran estar afectados pola actuación de mellora da estrutura que se queira levar a cabo.

Por outra banda, a disposición transitoria primeira da antedita lei dispón que esta se aplicará aos procedementos en curso sen retrotraer os trámites, adaptándose, de ser posible, á fase na que se atopen, ou no seu caso ao inicio da fase seguinte. Isto supón que, especialmente, nos procedementos que se atopen en fases iniciais é fundamental, para poder avanzar no seu desenvolvemento, a regulación destes órganos, pois caso contrario podería supor a paulatina paralización ou suspensión destes procesos de reordenación parcelaria.

O artigo 14 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, despois de enumerar os membros natos e eventuais dos citados comités, indica que a súa designación e funcionamento se determinará regulamentariamente.

Así, en cumprimento do dito mandato legal, mediante o presente decreto preténdese regular a forma de designación das persoas membros dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria, e o seu réxime xurídico, como órganos asesores e de coordinación en todas as actuacións de mellora da estrutura territorial de Galicia realizados polos diferentes organismos que incidan ou poidan repercutir nas zonas de reestruturación parcelaria.

Segundo o artigo 7.1 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. (DOG Núm. 220 Mércores, 18 de novembro de 2015) corresponde á esta secretaría xeral técnica o estudo e seguimento das propostas de disposicións que elaboren os distintos centros de dirección da consellería





De acordo co este marco normativo e competencial, a presente disposición ten por obxecto regular a forma de designación e o funcionamento dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria.

2. ESTRUCTURA E CONTIDO

Este proxecto de decreto consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade perseguidos pola disposición regulamentaria, e 5 artigos, unha disposición adicional única, unha disposición transitoria única e de dúas disposicións finais, que ofrecen o seguinte detalle:

O artigo 1 regula o obxecto.

O artigo 2 regula os membros dos comités técnicos asesores de reestruturación parcelaria e adscrición

O artigo 3 regula as funcións dos comités

O artigo 4 regula a designación das persoas membros dos comités técnicos

O artigo 5 regula o réxime xurídico dos comités

A Disposición adicional única regula o non incremento de consignacións orzamentarias

A Disposición Transitoria única regula a sesión de constitución

A Disposición final primeira regula a facultade de desenvolvemento.

A Disposición final segunda regula a entrada en vigor, fixando aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

3. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADOS DOS MESMOS

A presente disposición elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de ordenación e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Iniciouse a súa tramitación polo acordo previo da conselleira do 16 de xuño de 2016 que da lugar ao anteproxecto remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (1º borrador), acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económica-financeira. Esta documentación foi completada co informe do Servizo Técnico-Xurídico, e pola táboa de vixencias das disposicións afectadas.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola Consellería do Medio Rural como proxecto de decreto (2º borrador).

O proxecto de decreto someteuse a exposición pública no portal de Transparencia e Goberno Aberto dende o 30/09/2016 ata o 20/10/2016, tal como consta na certificación expedida pola da directora de área de Modernización das Administracións Públicas da AMTEGA do 27 de outubro de 2016, con ausencia de suxestións.

O proxecto de decreto publicouse na páxina web da Consellería dende o 8 de maio de 2015 ata o 26 de xuño de 2015, tal como consta na certificación expedida polo xerente de proxectos da Consellería do Medio Rural e do Mar da Axencia para a Modernización Tecnolóxica – AMTEGA do 26 de xuño de 2015.

O proxecto de decreto foi sometido a distintos informes que foron emitidos pola subdirección xeral de Recursos e Análise Orzamentaria (6 de outubro de 2016), da dirección xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (3 de outubro do 2016), de impacto de xénero (6 de outubro do 2016), da Dirección Xeral de Función Pública (7 de outubro do 2016) e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos (21 de outubro de 2016). Incorporáronse ao texto as observacións realizadas pola Secretaría Xeral de Igualdade (3º borrador).

Así mesmo, foi informado pola Asesoría Xurídica desta Consellería o 16 de decembro de 2016, incorporándose ao texto as observacións nel propostas.





En cumprimento do trámite de audiencia previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, enviouse o proxecto de decreto ao Consello Agrario Galego, cuxa Comisión Permanente emitiu ditame favorable ao proxecto de Decreto na súa xuntanza celebrada o 21 de decembro de 2016.

A titular da Consellería do Medio Rural, o 23 de decembro de 2016 emitiu resolución de aprobación do proxecto de decreto.

Finalmente, e antes da súa elevación ao Consello da Xunta, a titular da Consellería do Medio Rural deberá concluír o procedemento mediante unha resolución que aprobe definitivamente o proxecto de decreto, de conformidade co establecido no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron todos os trámites legais preceptivos, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

A secretaria xeral técnica

Asinado dixitalmente

